

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

ANO XV

A Cruña, 1.º Outono 1931

Núm. 288

AO DECORREL-OS DIAS

Por fin xa saímos de dúbidas. O Palramento Constituinte despois de longos e apasionados debates acordou unha fórmula para enfocar o problema rexional. Pódese decir que non foi posíbel conquistar máis, pois xa que non se decidiu a Cámara a acordar abertamente que a República sexa federal, o artigo primeiro faculta ás rexións a se constituir en réxime autonómico aínda non concedéndolles total-as facultades a que indiscutibelmente teñen dereito.

Non diríamos a verdade íntegra si dixéramos que animou a facer esa concesión un elevado espírito de desexo de dar ampria liberdade ás rexións. Mais ben parece que a fórmula acordada obedeceu á necesidade imprescindíbel de atopar a maneira de resolver o millor posíbel o problema en evitación de maiores perigos si resoltamente se negara ás nacionalidades, especialmente Cataluña, o dereito a se rexir por si mesmas.

Houbo necesidade de transixir por ambas partes. Por parte dos partidos políticos e dos deputados de tendencia centralista como pol-a dos representantes das nacionalidades e demais grupos autonomistas.

O feito é que Galicia ten aberto un camiño, unha posibilidade de ser autónoma anque esa autonomía non poida ter a amplitude que nós como nacionalistas desexáramos. Mais, aínda así, temos que nos sentir ledos e satisfeitos. Era unha batalla crudenta que non podía ganarse en toda a línea.

Comenzamos pois a entrar no camiño de acadar a nosa liberdade política en determinados e intrasantes aspectos. Agora compre chegar ao fin.

Imos cheos de outimismo ao prebiscito e ao referendum. A cumprir os requisitos obrigados. Cando esteña feito a ledicia será maior pois xa nada pode opoñerse a que a autonomía galega sexa unha realidade.

Unha autonomía un pouco limitada por hoxe pero que o tempo pode ampliar.

Chegou o momento da gran responsabilidade. Os nacionalistas poñémonos en movemento en colaboración cos demais autonomistas galegos para acadar a aprobación popular do noso Estatuto. Imos a traballar de firme chamando na concencia de todol-os galegos a que se decaten da transcendencia do momento.

Esto é o inmediato. Do que os nacionalistas temos que facer despois, aínda temos tempo para meditalo.

Meditacion n-o cruce de dous vieiros

O concepto de liberdade, tivo transformacións fondas e radicais no trancurso dos tempos. N-os máis antigos, por liberdade entendíase a protección contra a tiranía dos gobernantes políticos. Entón, xeralmente, exercíase o goberno por un home, unha tribu ou unha casta, que fundamentaban a súa autoridade no dereito da conquista, ou na sucesión, pero en le-

xamais e-o asentimento dos gobernados. Considerábase o poder dos gobernantes como preciso, mais tamén como peligroso: era un arma que se podía empregar tanto contra os súbditos, coma contra os enemigos exteriores. Tratábase de pôr límites o poder que se exercía sobor da comunidade, e isto era precisamente o que se entendía por liberdade. Pra con-

seguil-o había dúas solucións: unha, obter o reconecimento de certas inmunidades, chamadas liberdades ou dereitos políticos, e outra, de data máis próxima, consistente n-o establecemento de frenos constitucionales.

Chegou un instante n-a evolución política da sociedade en que os homes deixaron de considerar como unha necesi-

dade natural, que os gobernantes fosen un poder independente e tivesen un interés oposto o seu. Pareceulle mellor que os diferentes maxistrados do Estado, fosen seus representantes ou delegados. Pero pra eso, precisábase que os gobernantes estivesen identificados co pobo, que o seu interés e a súa vontade, fosen o interés e a vontade da nación. D-este xeito, a nación non tiña necesidade de ser protexida contra súa vontade; non había que temer que se tiranizase ela mesma. O poder dos gobernantes, era, pois, o da nación, concentrado e cristalizado n-unha forma cómoda pra exercelo.

Esta maneira de maxinar, foi a nota dominante n-o espírito da derradeira xeneración do liberalismo europeo. De entón acá, con non ser moito o tempo pasado, legounos a Historia moita esperencia. A idea de que os pobos non teñen necesidade de limitar o seu poder sobor de si mesmos, fica moi lonxe de ser un axioma. As frases «self-government» e «the power of the people over themselves», non refrexan a verdade das cousas: o pobo que exerce o poder, non é sempre o pobo sobor de quen exerce, e o goberno de si mesmo, de que tanto de fala, non é o goberno de cada un por si, senón o de cada un por todol-os demáis. Pero non para aquí a cousa. Como fai notar Stuart Mill, a vontade do pobo, significa n-o seu sentido práctico, a vontade da porción mais numerosa e mais aitiva do pobo; a minoría é dos que conseguin-o facerse pasar por tal maioría. Hoxe en día, n-a política especulativa, considérase a «tiranía da maioría» como un dos males contr-os que debe porse en guardia a sociedade.

Ven a conto todas estas refrexións, porque convén non esquencel-as n-a consideración d-un problema do mais outo interés pra Galicia: o da súa autonomía.

Unha forte opinión xurídica e legalista, estima que a transcendencia da cuestión, quede encomendada as Cortes, que sendo a encarnación e representación do pobo, pode con perfeita competencia resolver da maneira que mellor lle pareza. A cousa así planteada, ten certos visos de razonable; pero discurrámos un pouco en col de ela.

Está fora de dúbida que Galicia sinte cada día mais intensamente os latexos da súa propia personalidade, e desexa libertarse das poutas do centralismo, tan estéril como asoballador. Pois mais que unha parte da prensa trate de desfigurar o verdadeiro sentido real da opinión, a idea autonomista trunfa n-a gran masa constituída por obreiros e labregos, pol-o menos, dende que os propagandistas lle fixeron saber o seu alcance. O clarín dos vibrantes discursos, despertou a conciencia popular aletargada pol-os narcóticos da vella política. Agora parece ser que chegamos o cruce de dous camiños: a satisfacción das aspiracións galeguistas, ou o recrudecemento da tiranía centralista. Si se encamiñan os pasos políticos pol-a primeira ruta, poida que

Galicia dea unha sorpresa as demáis nazonalidades hispánicas, co forte pulo do seu desenvolvemento económico, social e cultural. Si, en troques, a burocracia gubernamental e parlamentaria afoga en sofismas imperialistas as xustas eisixencias de tres millóns de habitantes, non podemos xa tratar de irmáns a quen nos trata d-es-cravos.

E un principio filosófico e liberalista, que a sociedade gana mais deixando a cada un vivir como lle acomode, que obligándolle a vivir como lle acomode os mais. E conste que si admitimos tal principio, non é sobre a base de premisas ácratas, senón ortodoxamente xurídicas, pois aspiramos a que n-a nova estruturación do Estado, cristalicen os vellos dogmas rexionalistas en moldes legais. Si as Cortes rechazasen tales aspiracións, había que maxinar que unha noxenta tiranía social, a «Tiranía da maioría» pesaba sobor de nos, con desprecio dos mais elementales principios da liberdade, tan conxugados hoxe en día n-a retórica discursiva e tan falseados n-a realidade.

MAGARIÑOS NEGREIRA.

FAISCAS

Ainda resoan nos nosos ouvidos e temos presentes na lebranza as campañas que os republicanos de todol-os matices, fixeron na oposición predicando e dando a seguridade de que a República sería federal.

Hoxe as cousas trocáronse e casi todos recúan do compromiso adequerido ante a opinión.

Outros compromisos posteriores entibiaron o federalismo predicado ándase a dar voltas e voltas por non quererem ir directamente á solución do problema con todo o radicalismo necesario escamoteando os compromisos anteriores.

Castela e Madrí e o espírito imperialista castelán temen perder a súa hexemonía sobor dos pobos hispánicos e deixan sentir a súa influencia perniciosa nos homes que teñen nas

súas máns a labourea de facer a nova Constitución.

Un de tantos problemas que os homes da República tratan de escamotear non querendo interpretar o senso revolucionario que tivo o advenimento da República.

A traxedia de Unamuno é non haber morto aínda. E non quere decir esto que eu lle desexe a morte. Pero mentras viva téñ que seguir adoutando posturas raras para marchar contra a opinión dos demáis. A súa egolatría non lle permite estar calado namentras alente e ten que seguir, no seu descenso, dando motivos para evitar que o seu nome escurézase.

Por eso tomouna agora feramente contra os idiomas peninsulares e con-

LATEXOS

Na hora de suprema realidade

tra as arelas de reivindicación nacionalista dos pobos hispánicos. Unha postura forzada e falsa que lle obriga a veces a decir moitas inexactitudes que non provocan a repulsa obrigada porque van amparadas pol-o prestixio do seu nome.

Foron moitos os erros en que incurriu na súa intervención parlamentaria cando falou dos idiomas. Dous d'eles de verdadeiro peso, aparte de moitos mais que poderían señalarse, son cando dixo que os segadores galegos que iban a Castela non eran maltratados senon que eles mesmos maltratábanse para gastar alegremente en Galicia o ganado no seu traballo. Queen esto di non coñece as causas que obrigaban e obrigan aos nosos paisanos a emigrar a Castela, nin coñece a inversión dos cartos adequiridos con traballo tan criminal.

Outro foi poñer en dúbida que en Galicia fálese máis galego que castelán. Evidentísima demostración de absoluto desconocemento.

Mal camiño escolleu o insigne maestro para facer cabriolas no caso da súa vida egrexia. Siga facendo xogos de palabras que é a súa especialidade e non enturbie mais do que están as anguas das aspiracións nacionalistas.

E un xogo perigoso no que facilmente pode naufragar, pois xa vai sendo un pouco intolerabel, de verdadeiro escarrabias, a súa manía persecutoria.

E non hai mais indigno que ofender os sentimentos dos homes e dos pobos.

Temos que dar as gracias a Cataluña, e a Maciá especialmente, pol-a súa aitude cando se proclamou a República.

Sin estos feitos que non se poden sortear francamente, porque sería perigoso, a República sería unitaria e o problema autonomista seguiría pouco máis ou menos baixo a República como baixo a Monarquía.

A Galicia pódese asegurar que lle sería negado o seu dereito se non fora porque como hai que resolver necesariamente o problema catalán esa solución encerra un dereito que non é posibel negarlle.

Pero gracias a Cataluña e a Maciá: senón... era boa.

Si tantas dificultades xurden agora para implantar o federalismo moitos mais xurdirían ou inventaríanse, como se inventan, para negar as autonomías.

Pero está ahí Cataluña alerta que non tolerará que se escamotee o seu preito. Baixo o seu manto protector acolleráse Galicia e outras nacionalidades mais.

Se non fora por eso... íestábamos apañados.

Amaro de Villamelle.

Chegamos o momento crítico: á hora da maior responsabilidade para os galegos. O noso futuro terá de ser según o que nós agora fagamos. Ou unha Galicia morta, territorio con habitantes, aberto a todas as colonizacións audaces, fallo xa para sempre d'alma propia ou un país libre, escultor do seu progreso moral e material, co espontaneismo da raza que deita das fontelas da orixinalidade enxebre a traballar arreo na superación do «genius loci».

A responsabilidade dos galegos n'esta hora é enorme. Porque agora imos a demostrar si somos ou non merecentes de que se nos siga considerando pol-o mundo como raza inferior ás do resto da Península.

No tidoo 1.º da Constitución que xa aprobaron as Cortes fica reconecido a dereito á autonomía das rexións hispanólicas con persoaalidade propia e definida. Votos galegos axudaron, n'unha noite inesquecente, pensando no resultado final da votación.

Agora xa non é, pois, instante para nos dormir. Agora chegou o momento de que Galicia diga si quer ou non rexirse a si mesma ou de seu o que é igual si se sente ou deixa de se sentir capaz, com'outros pobos peninsulares, para o propio goberno. No caso negativo no pórtico da nosa terra, como no do «Inferno» de Dante habería que pôr un terrible «Lasciate ogni speranza». Reconocendo «ipso facto» sermos d'unha inferioridade sin remedio e d'unha incapacidade sin redención.

Pensai ben o que significa o que temos ante nós. Pensai que é cuestión de vida ou morte para Galicia a que hoxe se nos da planteada. Pensai na obra dos Precursores e na dos Continuadores. Pensai no alento histórico e tradicional que gurgulla no continente esgrevio da nosa Geografía e da nosa Etnografía. Pensai nos hermandiños; na santa Rosalía, no soberbo Pondal e no rebelde Curros.

Coido que chegou a hora de que outra vegada, para asfudar con fiorexo o pretérito o presente e o futuro, os estudantes e os obreiros galegos axúntense de novo, como s'axuntaron antañono bosque de Cenxo, a proclamaren ali a continuidade da nosa historia a base do recoñecimento pol-as Constituentes republicanas do dereito das rexións con persoaalidade propia e de Galicia pol-o mesmo—o recobro da súa liberdade.

Da mocidade universitaria e da mocidade obreira agardámolo todo. Esa mocidade que leva a estrela na frente ten que reaccionar contr'os galegos con alma de sapo. D'ela dependen os destinos da nosa Terra, que para ser nosa definitivamente só precisa do noso querer. Temos xa o poder para ese querer. Agora a espallarnos ese querer, como semente de bo froito por todol-os recunchos do país nativo.

Agora ou nunca, irmás. E para que ese agora se troque n'un escintilante lumiar histórico eu ofrézovos canto son, co sacrificio da vida incruce, si fora mester.

Xa non é unha frase feita a de que os tempos son chegados, son os tempos que os bardos anunciaran. E'o noso mais noso que agarda a súa definitiva sentencia. Que ninguén durma. A traballar todos. E o que durma e non traballe, maldecido seña, com'o que traicione a Galicia.

A. VILLAR PONTE.

Otero Pedrayo e Castelao no Palramento

Como saben os lectores os nosos irmáns Otero Pedrayo e Castelao intervirón na discusión da Constitución facendo valer os dereitos de Galicia a conquistar a súa autonomía e o respeito e validez oficial da nosa lingua.

Dous discursos ateigados de emoción fonda e forte sentimento galeguista que na Cámara tiveron acollida garimosa sendo tamén gabados pol-a prensa.

De todol-os diputados galegos ningún como os dous diputados nacionalistas fixo unha exposición mais verdadeira do problema galego. Outros que tamén faloron en nome da minoría da F. R. G. non enfocaron con xusteza a visión da realidade gallega. Porque non sinten integramente o noso problema nacional ou por prexuícios políticos que influen mais n'eles que a interpretación das arelas de liberdade e reconstrucción que Galicia sente, na súa parte mais pura e patriótica, nos actuaes momentos.

Castelao e Otero como nacionalistas e desligados de ningún compromiso que non sexa o da defensa in-

tegral dos dereitos galegos souperon erguer a súa voz patriótica reclamando para Galicia as prerrogativas que como pobo perfectamente delimitado en todas as súas características lle corresponden.

Ao manifestar a nosa satisfacción ante o feito de que por primeira vez se falou de Galicia con xusteza no Parlamento español intréanos resaltar a diferenza de procederes dos deputados galegos e a Castelao e Otero Pedrayo non os felicitamos pois non fixeron máis que cumprir co seu deber de deputados e de nacionalistas.

Tamén Suárez Picallo soupo dar no seu discurso parlamentario a nota de verdadeiro galeguismo. O seu discurso foi unha interpretación exacta do panorama político de Galicia vullendo as arelas que o pobo galego sinte. Suárez Picallo aínda representando oficialmente na Cámara unha opinión que non é integra-

mente nacionalista non pode esquecer o seu fondo galeguismo e por eso deu a o seu discurso un tono de emoción e sentimento que contrastou notabelmente co que deron outros compañeiros de minoría que non sinten tan a fondo como él o problema galego.

A confianza que Picallo nos merece non foi defraudada pois aínda que outros compromisos políticos de circunstancias impedanlle poder dar renda solta ao seu sentimento soupo irmanar unha co usa con outra facendo con discurso de emoción a tonos elevados que despertaron atención na Cámara aínda sendo pronunciado n' unha sesión que estaba adicada a outros figurar de outro releve na política española.

Polo que afeita ao noso pensamento nacionalista intréanos decir que somentes Castelao, Otero Pedrayo e Picallo deron a nota de verdadeiro galeguismo coas súas intervencións parlamentarias ao discutirse o problema rexional.

se non tép craramente expresado. Mais como existe, e pón un particular coor —cosmica e máina chama na fogueira das arelanzas cristianas— chegará o instante do seu longo outono triunfador e froitoso. Se non poden prevenir as direicións nin métodos. Cecais faga a mellor topografía da yalma algún fillo d'ista raza longamente criada no xornaleiro sentir do Universo Superando o nativo panteísmo, farta do mundo das formas atopará a nova fórmula pra fabricar a barca mística que faga a nova descuberta dos camiños eternos que levan a Deus.

R. OTERO PEDRAYO

ALERTA POBO GALEGO

Levanta a tua testa é anda dereito moi dereito, dí que pol-a tua dignidade podes ver fronte a fronte calquer outro que diante se poña, sin temer a que nin o rubor nin o medo se manifeste n'as tuas meixelas, dí co tempo d'a humillación pasouse, que todos aqueles que por facerche e verte andar as arrastras creeronse que xa habías perdido o senso d'a verticalidad vâns e ver defraudados a ollar a gallardía d'a tua figura que aplastando a todos os malos fillos que en figura de serpes se che poñan no teu camiño, chegarás a donde te propoñas, conseguindo a independencia política, económica e ademenstrativa que unida a individual d'os teus fillos será o fundamento do seu porvir e do seu benestar.

Non che importe d'algúns d'elles duden da tua capacidade, non temas a eses outros desgaleguizados que che creen inferior as demais rexións; deixa que n'un tempo, non lexano, demostraraslle a uns e a outros do que eres capaz de fuguer sin eles, e do que farás a pouco que eles te axuden.

Agora temos a obriga de insinar Galiza a moitos galegos que a descoñecen é insinarlla a través do Estatuto aprobado n'a Cruña, e oxe en estudo para adatalo a nova constitución do Estado español; para o cual, todas as organizacións políticas e económicas existentes n'a nosa terra que por vivir n'ela e dela, teñen a obriga de a defender, e levar como bandeira diante de todo, alta, moi alta a autonomía de Galiza; pa-

Olladas sobr'o porvir

Non nos deixemos engayolar demais pol'a crisis do tempo. Háina, mais a que debe intréanos os espíritus vixilantes latexa no fondo e non somentes na aparencia. Con máis razón quen vive i-e porceón d'un pobo como Galiza onde os máis urxentes problemas económicos non poden adequirir aquil carauter angustioso d'outras terras.

A pedra natural i-étnica da Galiza aséntase hoxe en categorías de porvir. Isto de pensare ou intuíre o porvir, cái de cheo na órbita do espírito celta e máis particularmente do galego matizado seu atrántismo por un recander de rosas e vides latinas. E d'iste xeito sufincando a nosa esperanza nas formas históricas logradas bótase pol'os vieiros do futuro. Isas formas apenas indicalas i-en certa maneira mortas ó nacer no decorremento do tempo hestórico xurden agora, como promesas prontas a secallar en realidás pois na inmanente xustiza dos tempos do espírito todo ensayo vidal ten de ser

obra feita. E Galiza ten demostrada a súa virtude de saber agardare.

Tivemos un Priscilián, un oucidental compreto, cecais o primeiro europeo ben de marcado no adro inzial da Edade Medea. Tivemos cuase un estado monástico a cuio ritmo —pureza lustral dos bronceos litúrxicos, canto de arada na soedade— debe a nosa Terra mais d'unha seitura esnezal do seu ser. A relixiosidade católica foi o igoal que nos outros Fisterras atrántecas tinxida no acidental pol'o forte sentimento da natureza mitolóxica e creadora. E taes direicións da dinámeca interna da nosa psiquis nin están esgotadas nin son cousa somentes de estudo erudito e folclórico. Temos o dereito e a lediza d'agardar que ha nosa terra seña un fogar de Renacemento relixioso, qu'ela, (salvadora da cultura cristián diante o Islám) informará no catolicismo un novo alento do vivir inmorrente da Celtia.

A Misticidade galega aínda

ra así ser os verdadeiros intérpretes d'as ansias e aspiracións d'os nosos coterráneos querendo ser principalmente como paladíns d'esta cruzada as organizacións de Vigo, que levando como base principal do seu programa o Autonomismo e tendo por residencia este pobo euia corpo-

ración municipal foi a primeira en decrase contraria a-o estatuto, debe sair á palestra axudando a crear o arabente que sexa preciso para asua aprobación n'a consulta que preto se fará a-o corpo eleitoral.

XOAN.

ROMANCES DA FREBE

Os mortos bradan na noite
a queixa anerga e racial
e os farrapos das mortallas, baixo a lúa
son bandeiras no pinal.
Os corvos das Illas Sagras
furan e lañan o chán:
os hosos desenterrados
loitan para se xuntar.
A mán de pedra do Neno
detivo o sol sobre o mar.
¡O sol e os patrios degaros
endexamais se porán!

Antre as uces, silenzosos,
andan lobos a rondar:
os anepicados fuciños
runxidos da fame trán,
nas brasas vivas dos ollos
lume roxo de queimar,
cada dente carniceiro
unha folla de puñal
e as enxibas amarelas
deitan fios de arradiado solimán.
¡Atraca as portas, Quereño!
¡Cerra o camiño a Toral!
Son os lobos: ¡Son os lobos ladroeiros!
¡Son os lobos da camada castelán!

Nos labrados do Obradoiro
hai soños a madurar.
O ferro frorece. Os santos
de pedra rompen a andar.
Greas de vivos e mortos
chamados de un mesmo afán,
dos catro rumbos da terra
saíen a pelegriñar.
Levan por diante unha estrela.
Sant-Iago por Capitán.

Sobre o pazo do Raxoi
voa a pomba do Grial
e ô longo dos corredores
ollos que miran pasar
capas albas de raiña,
púrpuras de cardeal.

Nas cadeiras dos estrados
érguense, a xuramentar,
vellos escanos que portan
mias espadas na mán.
Voces das montañas outas,
balbordos da beiramar.
Batelar de terra ceibe
nos sinos composteláns.

RAMON CABANILLAS

DO MOMENTO

Os momentos antúes de máis certa transixencia. Os nacionalistas non podemos aínda estar completamente satisfeitos de como o noso problema nacional vai ser resolta. Mais non por eso podemos esquecer o gran paso que para o total conqurimento das nosas arelas representa a autonomía que indiscutiblemente imos abranguer pois en dou por feito que o prebiscito popular aprobará o noso Estatuto.

As facultades que a Constitución concede as rexións autónomas aparecen para nós bastante limitadas pero a realidade demostra que non se debe adoutar unha postura de intransixencia que a nade conduciría.

Temos conquerir agora o que podemos o cal nos permitirá desenrollar millor a nosa actuación galeguitadora.

Moitos galegos pensarán que con isto xa o problema de Galicia totalmente resolta. Estan completamente trabucados os que así pensan.

Vai ser agora cando mais necesidade teremos os nacionalistas de traballar ate conquerir a galeguitación de Galicia e a inculcación na alma galega da idea nacional.

Porque non son somentes problemas materiaes os que Galicia necesita resolver. Os isprituales teñen aínda mais valimento e reclaman máis anguriosamente unha solución axetada. Isto non o comprenderán a maioría dos galegos pero abonda que o enxergamos debidamente os que somos nacionalistas.

Tan axiña como esteña feito o prebiscito cumpre reorganizar debidamente e pensando na realidade o partido nacionalista. No goberno de Galicia e no seu Palramento nos temos que exercer unha función fiscalizadora necesarisima.

Temos que dar por feito que o porvir non virá ás nosas máns. E temos, por eso, que estar en constante esculca para esitar que os homes que no primeiro momento rixan a nosa vida autonómica non falseen a liberdade abranguida.

Os primeiros tempos de funcionamento do pleno galego son os mais importantes. Poida que sexan encargados d-il homes que non sinten como nós a totalidade do problema de Galicia e ausenten tontamente a súa vida por non saber decatarse a fondo da trascendencia de construír. Por eso os nacionalistas co coñecemento que temos da realidade gale-

ga, co'a honradez que caracterizou sempre a nosa actuación e co amor sin lindeiros nin mediatizacións que sentimos pol-a Terra debemos estar n'este momento fortemente cinguidos en partido organizado rexamente para fiscalizar a actuación dos demais, non permitir que as cousas vaian vieiros tortos e influir en todo momento, nos rexidores e no pobo, para que autonomía que imos conquistar sexa o camiño que nos leve ao tempo total das nosas arelas e á definitiva solución do problema nacional de Galicia.

Para nós a autonomía e menos unha autonomía limitada, non é o fin. Somentes será un medio. Compre ir pensando na causa.

VICTOR CASAS

FOLLAS NOVAS

GRAMÁTICA DO IDIOMA GALEGO-Lugris Freire.

Acábase de poñer á venda a segunda edición corrixida e aumentada da "Gramática do idioma galego" de Lugris Freire cuxa primeira edición fora tan ben acollida e axiña esgotada.

Esta nova edición perfectamente cuidada leva tamén algunhas mostras de literatura galega de varios autores e finalmente un extenso vocabulario galego-castelán non necesario e non ben escollido.

Aparece esta gramática, a mellor feita até agora, n'un momento verdadeiramente axeitado. Cando a nosa lingua ven atopar vieiros de oficialidade e uso constante. Por eso, ademais do seu valor intrínseco, cabe augurarlle a esta edición un éxito aínda maior que o conquistado pol-a primeira.

Lugris Freire é poeta, dramaturgo filólogo e loitador patriota merecedor por esta valiosa aportación o rexurdimento da nosa lingua un aprauso fervoroso de cantos sintan amor e preocupación pol-a Terra. Nós rendímoslle un cordialísimo homenaxe de agradecemento.

A Gramática está posta á venda e non sería difícil que se vendera rapidamente. Poreso nós non temos inconveniente en aconsellar a súa adquisición. Obras como esta de tanta necesidade e muito non deben fallar en ningún fogar galego.

OBRAS TEATRALES GALEGAS. Avelino Rodríguez Elías.

O apraudido dramaturgo galego señor Rodríguez Elías recolle n'un volume once obras de teatro, co-

medias, monólogos e diálogos, das que é autor. Pezas xa cotreadas en diversos épocas sempre con éxito.

Fán un volume intresante que terá de venderse ben xa que as obras que n'el figuran lucharan de ser sempre buscadas pol-os cadros de decanación de Galicia.

Felicítamos ao autor e apraudimos a súa idea de dar á publicidade este tomo, do cal recibimos con exemprar con atenta adicanza que agradeecemos.

OTERO-PEDRAYO NA ACADEMIA GALEGA:

O discurso de ingreso de Otero Pedrayo na academia galega tidoado "Romantecismo, saudade, sentimento da raza e da terra au Pastor Díaz, Rosalía Castro e Pondal" acaba de ser pobricado por Nós. No seu volume XLVIII.

No seu día temos falado do maravilloso estudo de Otero Pedrayo encol do tema. Hoxe que podemos gozar da súa lectura ouservamos o profundo valimento do traballo. Podese calificar como unha das milliores producións do noso ilustre irmán, cuxo prestixio e acentado por Galicia enteira.

Recomendamos sinceramente a lectura do libro que pol-o asunto e pol-o texto é de calidade superior e intrés verdadeiro.

UNFOLLETO DO SEMINARIO: O seminario de Estudo galegos pubricon un folleto onde ademais do seu proieito de Estatuto de Galicia demostrase co'a contuadencia dos números como Galicia pode e debe rexirse autonomamente.

Con datos tomados dos diversos aspectos da administración pública que se refire á nosa terra demostran os autores do traballo que Galicia e acreedora ao Estado hespañol de varios millóns de pesetas e que a nosa terra rexida por si mesma pode ser un país próspero e rico.

A actualidade e intrés do folleto son manifestos n'estes momentos de inquedaanza autonomista.

Defensores e enemigos da autonomía deberan leer e estudar o folleto que ten unha importancia extraordinaria.

CANTIGA DA VINDIMA

Antre as retortas cepeiras,
frazón de raparigas
dalle aos acios doce morte
coas manciñas que acariñan.
O vento abanea as vides
pra dicirle adens aos acios,
de roxo queipo do sol
escoa o celme dos raios.
A verde aberta das vides

cinge o pescozo das nenas,
que cortan acios maduros
e cantan cantigas ledas.
Manciñas de nenas louras
antre as follas dipinican,
follas das cepeiras tortas
nas fazulas fan suligras
Rachan o aralalás

Laios das cepeiras tortas
pol-os acios a chorar;
sorrisas das nenas louras
seus amores a cantar

«Cò bago doce da boca

dóame celme d'amor,

que andan a esmagar os ciumes
o acio do meu corazón:

¡Ai nenal

a tua boca, toda é mosto

agre-doce de garnachar,

¡ai nenal

o teu ollar, viño novo,

ten bébeda a miña yalma;

¡ai nenal,

as arelas non desouzas

do teu virxe corazón.

qu'o tempo

no baltar da nosa yalma

fai desfolla d'ilusions»

Misturanse as alalás

coa poeira das congostas,

andan a zugar abellas

o celme da moza fresca

e os beizos das nenas louras.

O poente anda a estrullar

as horas da serán tépeda,

nos pampillaes da noite

maduran acios d'estrelas.

Florêncio Manuel Delgado Gurriarán.

Córgomo, Setembre 1931.

Lembranza

Cumpríndose n'este mes novos aniversarios da morte de Lamas Carvaall, Luís Porteiro, Florencio Vaamonde, Luís Amado Carballo, e Anton Louzada Dieguez, "A Nosa Terra" adica a esos horados loitadores do rexurdimento galego un-ha lembranza ateigada de fervores pol-a obra que realizaran.

Voceiros do noso sentimento nacionalista a súa lembranza que é en nós inmorredoira acrecéntase aínda mais hoxe en que Galicia debátese na dúbida encol do triunfo das ideas que eles sustentaron e aos que adicaron constante preocupación.

A nosa Terra cumpre cò seo deber lembrando a desaparición dos citados patriotas e roga aos irmas adiquenllos tamén as frores da súa recordación.

IMP. VILLUENDAS.—BETANZOS

GRAMATICA DO IDIOMA GALEGO

POR

Manuel Lugris Freire

Segunda edición correxida e aumentada.

Véndese na librería de ZINCKE HERMANOS

NA CRUÑA

PRECIO: CINCO PESETAS



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GANDARA Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todas las
Boticas, Droguerías,
Hoteles,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagos camas de
tódolos tres.

As mais indicadas en casos de artritismo,
de nutrizón, diabetes, obesidades diversas,
doenzas do aparello dixestivo, anemia e
neurastenia.

Riquísima auga de mesa gaseada naturalmente

Mondariz-Balneario

a 35 kilometros de Vigo.

A NOSA TERRA

PRECIOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas.
América, un ano 8 pesetas. (Pagos adelantados)

REDAIÇÃO E ADEMINISTRACIÓN

Rúa Real, 36, 1.º A Cruña

Peluquería La Modernista

PROPIETARIO

Manuel Acea Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía Castro e Linares Rivas, da Escola Dramática Galega e de todol-os cadros de decramación da Cruña. Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compretas caracterizacións para Teatro.

Para toda crás de traballos de peluquería dirixirse a

SAN ANDRÉS, 94, 1.º A CRUÑA

FRANQUEO CONCERTADO

Sr.

Imprenta de M. Villuendas. - Betanzos

Cincke Hermanos

LIBRERÍA - PAPELERÍA - IMPRENTA

CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

☐ Ferreteria, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

Banco Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito . . . Ptas, 17.000.000
Id. desembolsado . . . 11.000.000
Fondo de Reserva. . . 6.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxia, Carballo, Mondonedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Fonsagrada, Ponteareas, Chantada, Orense, Cedeira e Ordenes

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

PAULINO FREIRE

BOUZAS - VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa. Aparellos armados e en panos para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado. Cables de aceiros, ingleses. Aceites xenerás e vexetaes, e surtido composito para maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 29

A CRUÑA

A superioridade dos

CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega.

HONRA DA NOSA REXION

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pola sua Terra.

FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA. - A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15, A CRUÑA

Real, 110, FERROL

Príncipe, 9, VIGO

GRANDES ALMACENES DE TECIDOS

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIÓN

Inmenso surtido en panos da rexión e estranxeiros. Confecciónase toda crás de prendas para mulleres, homes e nenos.

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA